



Título: *Posío*
Autor: AA.VV.
Editorial: Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1995
Núm. pp.: 235
Tamaño: 22,5 x 29 cm

Coincidindo coa celebración do cincuentenario da publicación do seu primeiro número, vense de presenta-la edición facsimilar da revista *Posío* de Ourense.

O facsímile ábrese cun nutrido número de presentacións. A primeira é a de Pura Vázquez, quen lembra aqueles anos difíciles, pero tamén cheos da ilusión e xuventude daqueles mozos que constituían o grupo chamado Círculo Azor.

A continuación é o director de *Posío*, José Luís Varela, quen nos conta a actividade do devandito grupo: a edición dunha páxina literaria en *La Región*, que levaba por título "Pregón"; a emisión de teatro, poesía e prosa nun programa emitido en Radio Ourense, e mesmo as tertulias poéticas na casa do poeta vangardista Luís Álvarez Piñer. Lembra con grande respecto a presenza do "mestre inesquecible", Vicente Risco, e a dalgúns outros membros da Xeración Nós;

tamén a do entusiasta amigo Xosé María Castroviejo, e a de tantos outros cos que conviviron e dialogaron.

O artigo de Segundo Alvarado Feijoo-Montenegro rememora tamén aqueles anos, as tertulias no Café Roma, as publicacións no xornal *La Zarpa* e en *La Región*, e apórtanos novos datos sobre a emisión radiofónica dunha sección dominical en sobremesa, titulada "Musa al Noroeste", nome tamén da sección central da revista *Posío*. Fálanos da inquedaanza do grupo por divulgar os seus traballos, que crea a necesidade dunha revista, e lembra aqueles primeiros pasos para a posta en marcha do seu proxecto.

Posteriormente, Luís Álvarez Piñer fai unha valoración do que fora *Posío*, vista dende a óptica actual, cincuenta anos despois...

E pecharán a presentación dous artigos nos que se fala directamente da

revista. En primeiro lugar, Xavier Ron Fernández explícanos o deseño da portada, a súa posible simboloxía e como o plano real se manifesta a través do simbólico. Di que a portada dunha revista é, en moitos casos, coma un selo de identidade, e pon como exemplo *Aturuxo* e *Atlántida*, entre outras. O autor tamén salienta a frase “e vou namorada”, que aparece na cinta sostida pola man que constitúe a portada, que como sabemos ten a súa orixe na obra de Martín Codax, ou tal vez no seu contemporáneo Nuno Porco; posteriormente, Cunqueiro recolleuna e mesmo temos outro eco daquel laio no título dun poema de Aquilino Iglesia Alvariño.

A derradeira presentación é a de José Ramón y Fernández Oxea, quen tentará aclara-lo porqué do nome *Posío* e a realidade histórica que o explica.

Seguidamente, ofrécesenos un detallado estudio no que o profesor e crítico literario Luís Alonso Girgado e o seu equipo de colaboradores nos dan noticia de datos históricos do Ourense daquela época: as tertulias, as relacións que mantiveron os mozos que constituían o Grupo Azor cos mestres da revista *Nós*, as publicacións que viron a luz naqueles anos, as persoas que as impulsaban, a súa ideoloxía... Aínda que os autores da edición facsímile se centren fundamentalmente na análise de *Posío*, do que presentan un minucioso estudio, tamén nos dan noticia das outras “compañeiras de viaxe”, é dicir, das revistas literarias, tanto castelás coma portuguesas, da primeira década

da postguerra, primeiramente, e nun apartado específico, estúdiase pormenorizadamente a lírica galega recollida nas revistas das décadas do 40 e 50 (características estéticas, calidade literaria, a falta de medios económicos, carencia de textos programáticos sólidos, o índice de emprego do galego e outras reflexións), e faise un listado dos poetas e as súas colaboracións correspondentes en cada unha das publicacións. E mesmo se nos dá noticia dalgunhas revistas non literarias, nas que hai colaboracións esporádicas dalgúns escritores. Todo isto constitúe un material extremadamente interesante, pois, como sabemos, o estado de conservación de moitas revistas ou ben é deficiente, ou de consulta nada doada. Ás veces, descoñécese a cantidade exacta de números publicados, non se conservan as coleccións completas, etc.

Tras esta estensa panorámica da revista e o seu contorno, dáse paso ó facsímile da publicación dirixida por José Luís Varela. A revista está constituída unicamente por catro números, de tan só dezaseis follas sen numerar. A súa portada, na que aparece o número, ano e lugar de publicación, leva a ilustración dunha man que sostén unha banda. Nesta pódese le-lo verso “e vou namorada”. A ilustración é obra de Isaac Pereira, *Peroxa*.

Conviven nas súas páxinas verso e prosa, aínda que a lírica é máis abundante e de mellor calidade. Temos de salientar un apartado que se presenta na parte central da revista, chamado “Musa

al Noroeste" (homónimo da emisión de Radio Ourense do Grupo Azor, anteriormente mencionada), no que unicamente se recolle lírica feita en galego.

A publicación sostíñase co apoio das institucións. Só o número un levados soltos de publicidade. De aí que sexan os motivos económicos a principal causa da desaparición de Posío.

Os seus colaboradores constitúen un número reducido (pensemos que só

se publicaron catro números). Entre eles, atópanse Vicente Risco, Álvaro Cunqueiro, Aquilino Iglesia Alvariño, José Ángel Valente, Pilar Vázquez Cuesta, etc.

Pechase o facsímile cun repertorio biobibliográfico dos colaboradores, cos índices do material que constitúe cada número, coas colaboracións e os seus responsables, e, finalmente, cunha indicación da bibliografía existente sobre a revista.

Teresa Monteagudo